



**Laboratorio  
de  
XIANA**

<<LUZ>>

1º PROBA: Escribe unha X na resposta correcta.

1-.Desde que parte da Terra se poden observar as auroras?			
Desde lugares lonxe dos polos.	Desde lugares próximos ao ecuador.	Desde lugares próximos aos polos.	Desde lugares lonxe do ecuador.

2-.En que momento do día se poden ver mellor as auroras?			
Pola noite.	Ao amencer.	Pola tarde.	Ao mediodía.

3-.Que astro causa as auroras?			
A lúa.	O sol.	Os cometas.	Os planetas.

4-.Que tipo de luz envía o sol?			
Luz ultravioleta.	Luz amarela.	Luz branca.	Luz solar.

5-. Que tipo de astro é o Sol?			
Un cometa.	Unha estrela.	Unha constelación.	Un satélite.



**2º PROBA: Verdadeiro ou falso. Escribe unha X na opción correcta e xustifica a túa resposta.**

1.- Unha explosión de enerxía con partículas que proveñen do sol denomínase erupción solar.	
VERDADEIRO	FALSO
Xustifica a túa resposta:	

2.- A luz branca pódese dividir en 7 cores visibles (as do arco da vella) e 2 invisibles (ultravioleta e infravermella)	
VERDADEIRO	FALSO
Xustifica a túa resposta:	

3.- Os dous fenómenos que interveñen na formación das auroras son as tormentas eléctricas e o campo magnético da terra.	
VERDADEIRO	FALSO
Xustifica a túa resposta:	

4.- As auroras boreais tamén reciben o nome de: luces do norte.	
VERDADEIRO	FALSO
Xustifica a túa resposta:	

5.- As auroras observáronse desde a Terra e tamén en outros dous planetas do sistema solar: Plutón e Xúpiter.	
VERDADEIRO	FALSO
Xustifica a túa resposta:	

3º PROBA: Escribe unha X na resposta correcta.

1-. Que tipo de aurora se poden ver no polo norte?		
Austral	Boreal	Real

2-. Canto soen durar as auroras boreais?		
Desde minutos a días.	Desde unhas horas a días.	Desde uns minutos a unhas horas.

3-. Que outro nome reciben as auroras boreais?		
Luces do sur.	Luces austrais.	Luces do norte.

4-. Que outro nome reciben as auroras austrais?		
Luces do sur.	Luces boreais.	Luces do norte.

5-. Como se chama unha explosión de enerxía e partículas que proveñen do sol?		
Erupción lunar.	Erupción solar.	Explosión solar.




4º PROBA: resolve os problemas e descobre o código secreto de Xiana

No experimento de Xiana traballamos cos ángulos nos que chega e se reflicte a luz ao chocar contra unha superficie. No noso experimento a superficie era un espello. Axúdame a averiguar canto miden os ángulos A e B da imaxe, que representan o percorrido que fai a luz solar ao chocar con un espello.



**Código secreto:**  
**Medida do ángulo A e**  
**ángulo B**



Se sabemos que o ángulo C vale  $270^\circ$ , canto miden os ángulos A e B que son iguais?

Código secreto de Xiana: